# Inscrición probas acceso Conservatorio de Música de Culleredo

1. **Accede á sede electrónica do Concello** https://sede.culleredo.es/




**2. Selecciona Catálogo de trámites**

CULLEREDO
CONCELLO
Conservatorio Profesional de Música

**3. Dentro da sección "Catálogo de trámites", selecciona CULTURA E DEPORTES**




**4. Na columna central aparecerán as solicitudes de inscrición activas para Grao Elemental e Profesional**




**Nota:** neste folleto explícase a inscrición para a proba de acceso a 1º curso de Grao Elemental

**Seguir este mesmo procedemento para o resto de cursos de grao elemental e profesional**

CULLEREDO CONCELLO
Conservatorio Profesional de Música

**5. Unha vez seleccionada a opción "Solicitude de inscrición na proba de acceso a 1º curso de Grao Elemental (COS.01)", iniciarase a solicitude seleccionando NOVA INSTANCIA**


CONCELLO DE CULLEREDO
Sede Electrónica

Solicitude de inscrición na proba de acceso a 1º curso de Grao Elemental (COS.01)

Información xeral | Catálogo de trámites | Consulta dos seus trámites | Taboleiro de anuncios | Incidencias | Outras sedes electrónicas

Sede Electrónica > Solicitude de inscrición na proba de acceso a 1º curso de Grao Elemental (COS.01)

## Solicitude de inscrición na proba de acceso a 1º curso de Grao Elemental (COS.01)

**Prazo de instancia** Desde o día 28/04/2026 ata o día 15/05/2026

### Obxecto

O aspirante mediante os seus titores pon en coñecemento do Conservatorio que reúne os requisitos necesarios detallados no documento "Normativa de acceso a 1º de Grao Elemental".

### Destinatarios

Ver "Normativa de acceso a 1º de Grao Elemental".

### Documentación a achegar

- Solicitude de inscrición na proba de acceso a 1º curso de Grao Elemental asinado por ambolos dous proxenitores, a descargar no seguinte enlace: Formulario solicitud
- DNI do aspirante ou no seu defecto libro de familia.
- No seu caso, certificado de familia monoparental ou sentencia xudicial de recoñecemento de custodia.

### Formas de presentación

- Telematicamente: A través da sede electrónica, pulsando o botón "Nova instancia" situado ao final desta páxina, para iniciar o trámite (recomendado).
- Presencial: No rexistro xeral de entrada do Concello de Culleredo de luns a venres de 12:00 a 14:00 horas, situado no Edificio de Servizos Múltiples do Burgo (rúa Ramón Cabanillas nº 14, O Burgo)

### Información adicional

Conservatorio Profesional de Música de Culleredo

Teléfono: 981667798

Horario de atención: Tardes de 16:00 a 21:00 horas.

### VACANTES 1º graDo elemental

Un total de 12 prazas repartidas da seguinte forma:

Frauta Travesa: 1, Guitarra: 2, Percusión: 1, Piano: 4, Trompeta: 1, Violín: 2, Violoncello: 1

### NORMATIVA DE ACCESO

Documento explicativo coa normativa de acceso

### CALENDARIO DE ACCESO

- Do 28 de abril ao 15 de maio: Inscrición para a proba de acceso
- 1 de xuño ás 17h: Publicación das listaxes de admitidos, datas e horarios da proba de acceso no Conservatorio Municipal de Música de Culleredo.
- 8 e 9 de xuño: Probas de acceso
- 10 de xuño: Publicación dos resultados da proba de acceso ás 17:00h
- 11 ao 17 de xuño: Prazo de reclamacións
- 18 ao 23 de xuño: Prazo de matrícula para os/as alumnos/as **que obtiveran praza**

### Observacións

A presentación da instancia non implica a matrícula na proba.

A instancia debe ser asinada por ambos os proxenitores.

### Requisitos da instancia

→ A instancia deberá ser asinada
→ O trámite require que o/a solicitante identifíquese e firme con certificado dixital
→ Permite interesados que sexan persoas físicas
→ Permite interesados que sexan persoas físicas representadas por outra persoa física

Nova instancia

Sesión non iniciada

Opcións
Cartafol cidadán
Iniciar sesión
Expedientes públicos

CULLEREDO CONCELLO
Conservatorio Profesional de Música

## 6. Aparecerá unha ventana para escoller o xeito de identificación




### a) Con certificado dixital (de calquera dos proxenitores)

Escoller calquera destas opcións **(preferiblemente** "*Identificarse con certificado dixital a través de Cl@ve*"**)**

### b) Con Cl@ve PIN/Móvil/Permanente (de calquera dos proxenitores)

Escoller calquera destas opcións **(preferiblemente** "*Identificarse con Cl@ve Permanente*"**)**

***Se se emprega Cl@ve PIN/Móvil/Permanente (sen firma),** para finalizar a inscrición será necesario acudir á oficina de Rexistro do Concello de Culleredo (Edificio de Servizos Múltiples) co número que se indicará ao final do proceso.

### c) Non se dispón de ningunha das opcións anteriores

Escoller a opción "*Indentificarse cunha conta de correo electrónico*"

**Aparecerá esta pantalla**




Se non se empregou previamente este sistema para presentar solicitudes a través da Sede Electrónica Municipal, débese seleccionar a opción "**Rexistrar conta nova**"




CULLEREDO CONCELLO Conservatorio Profesional de Música

***Se se emprega a conta de correo electrónico,** para finalizar a inscrición será necesario acudir á oficina de Rexistro do Concello de Culleredo (Edificio de Servizos Múltiples) co número que se indicará ao final do proceso.

## 7. Unha vez identificado/a, comeza o proceso para presentar a solicitude de inscrición

### 7.1 Datos do interesado







**Nota:** como interesado **só debe figurar un dos proxenitores/titores legais**

**7.2 Contido da instancia**




**Indicar o que se solicita.**

Por exemplo: *Solicito a inscrición do meu fillo/a xxxx nas probas de acceso á 1º GE*

**e logo premer**

## 7.3 Envío de documentos ou datos

1 **Premer o botón "Encher novo formulario",** para cubrir os datos do aspirante e a persoa responsable (pai/nai/titor).

2 **"Formulario Solicitude de inscrición na proba de acceso a 1º curso de Grao Elemental"**

Éste documento pódese obter tamén a través de email (conservatorio@culleredo.es) ou presencialmente no Conservatorio ou no Edificio de Servizos Múltiples.

Unha vez asinado, subir escaneado a través do botón **"Engadir"**

3 **Subir o DNI do aspirante ou libro de familia** a través do botón **"Engadir"**

4 **Subir o certificado de familia monoparental ou sentenza de patria potestade exclusiva** a través do botón **"Engadir"**




CULLEREDO CONCELLO Conservatorio Profesional de Música

## 7.4 Aceptación de condicións




**Seleccionar o cadro** para aceptar a información sobre protección de datos

**e logo pulsa**

## 7.5 Revisión e confirmación

Nesta sección pódense revisar tódolos datos e documentos introducidos ata o momento

**se son correctos pulsa**




## 7.6 Firma

## 7.7 Rexistro

## 7.8 Completado

Estes tres últimos pasos **só se poderán realizar se** se empregou un certificado dixital ou Cl@ve permanente "con firma"**.**

**aparecerá este aviso**




Deberase acudir ás oficinas de Rexistro de Servizos Múltiples co número que se indique neste momento.